

## Obras no instituto

O día 8 pasado comezaron as obras de construción dos vestiarios no edificio histórico do IES.

Dende hoxe, 18, a constructora procede a abrir as gabias de instalación de tuberías, que se estenden polo exterior do edificio, incluíndo o axardinamento central do claustro. Para elo está empregando maquinaria pesada e, por tanto, perigosa.

A responsable da Unidade Técnica da Xunta de Galicia estableceu o protocolo de seguridade para conciliar o desenvolvemento das obras e a circulación de persoas e vehículos no interior do recinto escolar: valado metálico sobre postes de formigón e malla de protección de tea, planchas de madeira sobre as gabias, sinalización e peche de parte do claustro,...

Dende a dirección do centro, rogamos a toda a comunidade educativa do centro o máximo respecto ás normas de seguridade: non permanecer cerca das obras, seguir as indicacións de acceso ás aulas do claustro polas zonas acotadas para elo, non frecuentar o claustro nos períodos de lecer,... e as que dicta o sentido común.

Por último comunico ao persoal do instituto e ao resto de usuarios dos aparcadoiros que, debido á instalación de contedores de lixo da obra, o espazo de aparcamento se verá sensiblemente reducido. Igualmente, o abastecemento de auga pode verse afectado por necesidade operativa nos momentos necesarios.